



# Boletín de Medio Ambiente



## Ombú do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla

Concello: Vedra

Características: Árbore catalogada como árbore senlleira dende o ano 2007. Mide aproximadamente 10,40 metros de altura e 15,20 metros de circunferencia.

Descrición: Está situado no Xardín do Pazo de Ribadulla, un dos espazos botánicos máis fascinantes de Galicia pola súa extraordinaria diversidade e riqueza en flora ornamental así como polo seu valor botánico e paisaxístico. Forma parte do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla, cuxa historia se remonta ao século XVI.

## Noticias

### Un móbil podería durar 12 anos si non se acurtase a súa vida intencionadamente

Cando o móbil se retarda o usuario xa pensa que é normal. Despois, é frecuente que comece a dar problemas e a súa reparación pode custar un 40% do que valería un novo. Si non existise a obsolescencia programada, un teléfono tería unha vida útil de 12 a 15 anos.

A Autoridade Garante da Competencia e do Mercado de Italia impuxo unha multa de cinco millóns de euros a *Samsung* e outra de 10 millóns de euros a *Apple* por obrigar aos seus clientes a realizar actualizacións de software que retardaban os teléfonos. Estas multas son un comezo pero aínda non son suficientes, a empresas multinacionais non lles afectan.

Fonte: El País

### A caza de focas situou a 11 especies ao bordo da extinción

Segundo despréndese dun estudo científico publicado en *Nature Communications*, a caza de millóns de focas no S.XIX, levou a once especies destes pinnípedos mariños ao bordo da extinción.

Para a elaboración do estudo os investigadores recompilaron datos xenéticos de 33 especies, e simularon cales poderían haberse extinguido debido á perda da súa variabilidade xenética derivada da caza intensiva. Os resultados constatan que un terzo das especies estudadas podería haberse extinguido debido ás capturas e que, de feito, foilles de moi pouco.

Fonte: La Vanguardia

## Un asistente de reciclaxe virtual

*Ecoembes* creou o *Asistente Intelixente de Reciclaxe, A.I.Re*, un *chatbot* que nace para dar información interactiva, ao instante, sobre distintas cuestións relacionadas coa reciclaxe de envases, como en qué colector debe depositarse cada envase e o material do que está composto, pero, tamén coa reciclaxe doutra clase de residuos, como mobiliario, enxoval e téxtil.

*A.I.Re* funciona a través do recoñecemento de voz e texto do usuario, pero a auténtica revolución deste *chatbot* vén da man da imaxe, xa que é capaz de recoñecer, mediante fotografías, o tipo de residuo sobre o que o usuario teña dúbidas. Así, o cidadán poderá mandarlle imaxes daquelas cousas que queira reciclar e non saiba ben onde, recibindo unha resposta inmediata por parte de *A.I.Re*. Este asistente virtual da reciclaxe pode atoparse en castelán, catalán, galego e eúscaro de forma gratuíta a través de *App* en *Google Play* e *Apple Store*, en *Facebook Messenger* e na web de *Ecoembes*.

Fonte: *Ecoembes*

## A Coruña recibe a Paxariña Azul

A concelleira de Medio Ambiente, María García, recibiu onte a *Paxariña Azul*, un distintivo que se traslada ás cidades que seleccionadas pola *Asociación Española de Fabricantes de Pasta, Papel e Cartón* pola súa excelencia na xestión da recollida selectiva de papel e cartón.

«É un premio que indica que estamos xa no bo camiño coas iniciativas que temos en marcha, orientadas a acadar o residuo cero, á redución e á reciclaxe [...]», considerou García.

Fonte: *La Voz de Galicia*

## Un orangután robot para concienciar

A cadea de supermercados británica '*Iceland*' foi un dos primeiros en dar as costas ao aceite de palma. Para a campaña de nadal deste ano, a cadea decidiu promocionar o seu catálogo de produtos sen aceite de palma cun **anuncio publicitario** que ten como protagonistas a unha nena e a un tenro orangután que invade a súa habitación e convértea todo nun caos. Cando a nena se dispón a expulsalo, o pequeno primate chamado *Rang-tan* cóntalle unha historia triste sobre porqué deixou a súa selva natal pola cidade. Ademais de por as redes sociais estaba prevista unha campaña por televisión, pero non puido ser posible por infrinxir as normas de publicidade política.

Como resposta a esta negativa '*Iceland*' encargou un orangután robótico moi realista para sacalo a pasear polas rúas das principais cidades do Reino Unido. A protesta é dobre, por unha banda está a mostra de como os orangutáns están a perder o seu hábitat por culpa do cultivo de aceite de palma e doutra banda a prohibición de mostrar na televisión un anuncio por protestar contra este impacto que extingue aínda máis animais que xa estaban en perigo.

Fonte: *La Vanguardia*

## Sabías que...

quedan menos de 1.000 exemplares silvestres de aro xigante, tamén coñecido como «Flor cadáver».

A especie, endémica da illa de Sumatra, en Indonesia, clasifícase como «En Perigo» na lista vermella de especies ameazadas 2018, tras unha diminución estimada da súa poboación do 50% nos últimos 150 anos.

# Boas Prácticas

## Mulleres indíxenas fórmanse en Ciencias Ambientais

A *Fundación Moisés Bertoni* en 1991 apostou por preservar a Reserva Natural do *Bosque Mbaracayú*, un espazo de máis de 64 mil hectáreas que constitúe un dos últimos grandes remanentes de bosque subtropical denso e húmido do Paraguai, e un dos focos de maior biodiversidade do planeta

O seu programa estrela é o *Centro Educativo Mbaracayú*, posto en marcha en 2009, e ao que asisten, bolseiras, mulleres novas da rexión para que cursen un bacharelato técnico en ciencias ambientais. Entre 2009 e 2017 obtiveron o título de Bacharel Técnico en Ciencias Ambientais unhas 250 mozas de escasos recursos procedentes de comunidades campeciñas e indíxenas. A *Fundación BBVA* decidiu conceder o seu Premio de Actuación Mundial de conservación da biodiversidade a esta fundación paraguaia por este proxecto.

Fonte: ABC

## Libera ofrece 1.000€ a quen dea probas dos malos tratos a gatos

A asociación animalista *Libera* e a *Fundación Franz Weber* ofrecen unha recompensa de 1.000€ a quen identifique os autores dos últimos casos de malos tratos a gatos e achegue probas sobre estas actuacións. O obxectivo é visibilizar casos de apaleamentos a felinos ou envelenamento na cidade e romper o silencio sobre esta problemática.

Fonte: La Opinión

## Sorpresas e descoidos polo novo autobús híbrido

A liña 6, que parte de Monte Alto ata Meicende, na cidade da Coruña, integra un vehículo que reduce emisións. O autobús chama a atención máis do habitual aos viandantes. Algún, mesmo o confundiu cun autocar escolar ou o do Deportivo.

Trátase do bus híbrido que a Compañía de Tranvías está a poñer a proba cun modelo Volvo 7900LH. Manuel Couso, un dos condutores, contaba entre risas que «agora xa podó escoitar a radio», e describía que «o vehículo é máis silencioso».

Fonte: La Voz de Galicia

## Axenda Ambiental

- 22/11/2018 IX Encontro andaluz de experiencias de educación ambiental e sustentabilidade urbana. Almería
- 24/11/2018 Un mar de vida para a cidadanía: traballando pola pesca responsable no Golfo Ártabro. Miño
- 26/11/2018 – 29/11/2018 XIV Congreso Nacional de Medio Ambiente (CONAMA 2018). Madrid

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: [medioambiente@dacoruna.gal](mailto:medioambiente@dacoruna.gal)